



ANUNCIO

NOMEAMENTO FUNCIONARIO INTERINO EN PRÁCTICAS PARA OCUPAR A PRAZA VACANTE DE OPERARIO-CONDUTOR

Faise público que con data de trinta de decembro de dous mil catorce a Señora Alcaldesa en funcións ditou o Decreto que transcribo literalmente a continuación:

“DECRETO 523/2014

Asunto: nomeamento funcionario interino en prácticas para ocupar a praza vacante de operario-condutor.

Considerando as bases de selección de funcionario interino para ocupar a praza vacante de operario condutor, aprobadas por Decreto de Alcaldía nº 462/2014 de 12 de novembro e publicadas no BOP de Pontevedra nnº 226 de 21 de novembro de 2014.

Vista a proposta formulada polo Tribunal de Selección en data 22 de decembro de 2014 na que se propón para a súa selección a D. Benito Sousa Vázquez, con DNI 36046886K.

Visto que D. Benito Sousa Vázquez presentou en tempo e forma a documentación requirida para realizar o seu nomeamento.

Visto o Informe de Intervención EMP Nº 230/14 de data 30 de decembro de 2014 no que se fiscaliza con carácter favorable a proposta de nomeamento formulada polo Concelleiro de Persoal.

Considerando canto dispón a lexislación aplicábel e en uso das atribucións que a esta Alcaldía outorga o art. 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear a D. Benito Sousa Vázquez con DNI 36046886K, como funcionario interino en prácticas do Concello de Salceda de Caselas para ocupar a praza vacante de operario condutor, con data de alta o 7 de xaneiro de 2015 (o período de prácticas terá unha duración de dous meses). As características da praza son as seguintes:

- Denominación da praza: condutor camión, asignado á area de recollida do lixo.
- Descrición da praza: Escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais, integrada no grupo E (Outras Agrupacións Profesionais).
- Retribucións: retribucións básicas correspondentes aos funcionarios do grupo E (Outras Agrupacións Profesionais), e as complementarias que teña asignadas o posto de traballo. No Anexo de Persoal Funcionario do Concello o total bruto de retribucións do posto ascende a 11.319,56 euros (pagas extras incluídas).

SEGUNDO. De conformidade coa base 12ª das bases de selección, os restantes candidatos aprobados, pola orde da puntuación obtida, poderán ser chamados no caso de que o primeiro non tome posesión do seu posto no tempo concedido ó efecto, renuncie á praza ou, cando por calquera outra causa, se resolva a relación funcional antes da súa extinción conforme á Lei. Asimesmo, ditos participantes aprobados poderán ser chamados para cubrir temporalmente a mesma praza ou outras idénticas que se puideran crear, nos suposto de vacante, ausencia ou enfermidade ou, no seu caso, mentres non sexan provistas de forma definitiva. O chamamento efectuarase en primeiro lugar aos que obtivesen maior puntuación.





TERCEIRO. Publicar este acordo no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer-los recursos previstos na lexislación vixente.

CUARTO. Notificar o presente acordo a D. Benito Sousa Vázquez e dar conta do mesmo aos departamentos de Intervención e Tesouraría Municipais.”

RECURSOS: contra o contido do mencionado acordo (Decreto de Alcaldía nº 523/2014 de 30 de decembro) que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer de xeito potestativo o recurso de reposición diante do mesmo órgano que o ditou e no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio (que se produce o 30 de decembro de 2014). O recurso de reposición entenderase desestimado se no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á interposición, o órgano competente para resolvelo non ditase e notificase resolución expresa.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición, ou ben directamente (sen recurso administrativo), poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, prazo que será de seis meses no caso de non resolverse de xeito expreso o recurso de reposición, contados a partir do día seguinte a aquel en que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto; todo isto de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advirtese tamén que se poderá utilizar calquera outro recurso que se considere pertinente, así como exercer as accións que procedan diante da xurisdición competente

Salceda de Caselas, 30 de decembro de 2014

O SECRETARIO

Carlos López Quintáns

